



## Proposta de planificación do P.F.P.P.

curso 2016/2017

### Itinerarios: 1

**Liña A:** “Programación, desenvolvemento e avaliación de competencias clave segundo os novos currículos”

**Duración do P.F.P.P.:** 2º de 4 cursos (renovable cada curso)

Actividade	Título	horas	distribución horaria
Seminario	“Elaboración dos perfís competenciais de centro”	30	Traballo persoal (6 h.)
			Reunións (24 h.)
			Docencia (0 h.)
Curso	“Arte-terapia na escola para a mellora competencial ”	10	Docencia (10 h.)
			Traballo persoal (0 h.)

\*O número de horas do seminario e do curso poden cambiar segundo a cantidade de relatores dispoñibles no curso de arte-terapia ou as asignadas á docencia interna do seminario.

### PARTICIPANTES:

- Todo o claustro, salvo cambio de opinión de alguén está anotado no PFPP o cal implica que debe participar alomenos nunha das dúas actividades, ben no seminario, no curso ou en ambas.
- En principio a lista de anotados no seminario como no curso xa foi confirmada no seu momento, pero aínda se está a tempo de cambiar ata que e aprobe oficialmene o PFFP en outubro.

<b>Seminario:</b>	“Elaboración dos perfís competenciais” (30 horas = 24 reunións + 6 traballo persoal)
<b>Planificación e calendario de reunións:</b>	
<p><b>Obxectivo:</b> Rematar de elaborar os perfís competenciais que restan (por estándares prioritarios e por procesos) para poder presentalo antes de que remate o curso como parte do Proxecto Educativo do centro que hai que renovar.</p> <p>Nesta ocasión as competencias que queda son moito máis asequibles e con moitos menos procesos que a lingüística, polo que plantexo esta proposta diferente de abordala con respecto á CCL do curso pasado e anterior.</p> <p><b>Proposta de planificación do traballo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Organizarse por equipos (un equipo por competencia clave)</b> para escoller os estándares prioritarios para cada proceso (de 1º a 6º). Este traballo levaríase a cabo nas reunións do 4º martes do mes ou ben noutro momento que cada equipo acorde. Nesas reunións (do 4º martes do mes) habería uns momentos de encontro (ás 16:00 h.) para comentar como vai ou información dos coordinador. O resto do tempo será organizado por cada equipo (se quere quedar despois das 18:00 horas ou prefire facelo noutro momento), constarán eses días como sesións de 3-4 horas de reunión de traballo do seminario.</li> <li>• <b>Estableceríamos unha data para “ter escollidos estes estándares prioritarios”</b>, por exemplo no mes de novembro. Cada equipo entregaría ó coordinador (Óscar) os estándares escollidos para cada proceso e curso na competencia que lle correspondese antes desa data, para que o meta na aplicación. <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Habería que ter en conta que ten que haber por competencia alomenos un estándar escollido de cada área para cada un dos cursos.</li> <li>◦ Podedes usar os plannings do perfil de área que saca a aplicación (de 1º a 6º) para ir rodeando neles os prioritarios de cada estándar, de xeito que unha vez se escolla para primeiro ese mesmo estándar sexa tamén prioritario nos outros niveis. Eses “papeis” rodeados cos estándares prioritarios son os que deberíades entregar ó coordinador.</li> </ul> </li> <li>• <b>A partir da data sinalada, xa en reunións como as do curso pasado</b> (o 4º martes de mes de 16:00 a 17:00 e a partir das 18:00 ata rematar), <b>adicaríamonos a establecer o nivel de logro para cada proceso.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Usaríamos o planning de 1º a 6º que saca a aplicación, para poñer á vez o nivel de logro para o proceso nos seis cursos, podendo así ir “aumentando a dificultade de forma coherente” e evitar os problemas de “saltos” que tivemos coa CCL.</li> <li>◦ O coodinador encargariase de introducilos na aplicación.</li> </ul> </li> <li>• <b>Unha vez rematados habería que “revisar o resto do Proxecto Educativo”</b> (plans e parte común) para poder presentalo xunto coa nova concreción de infantil (feita o curso pasado), os perfís de área e Competenciais acordados e elaborados nestes cursos.</li> </ul>	
<b>Materiais elaborados a entregar en maio:</b>	Perfiles competenciais e P.E. completo (de estar rematado)





# PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

“Competencias clave e programación” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2016-2017

<b>Curso:</b>	“Arte-terapia na aula” (10 horas docencia)
<b>Planificación e calendario de reunións:</b>	
O calendario de docencias será acordado e organizado xunto co CFR xa que depende dos docentes e a súa dispoñibilidade. <ul style="list-style-type: none"><li>• Diferentes propostas que están estudiando no CFR, polo que o número de horas do curso e seminario poderían “bailar” para axustarse ás opcións que teñamos.</li><li>• Cabe a opción de meter ben neste curso ou no seminario unha docencia de “Anélica Sátiro” sobre “Filosofía para nenos e nenas”</li></ul>	
<b>Materiais a entregar en maio:</b>	Non hai que entregar material elaborado no curso

Na web do centro existen dous apartados específicos para o seminario e o curso, onde estará ademais deste documento, o calendario de reunións e toda a documentación das ponencias e de axuda que precisemos.

Na web [www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net) poderedes atopar unha aplicación (programame) para a creación de Unidades Didácticas Integradas.

